



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Francisco Cerviño González e Modesto Pose Mesura, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O continuo incremento de poboación no Concello de Oleiros, así como a concepción do anterior Goberno da Xunta, de que o incremento de recursos e investimento en Atención Primaria, plasmada no Plan de mellora da Atención Primaria, produce un maior impacto na saúde individual e colectiva dos cidadáns que as melloras noutras áreas do sistema sanitario, levou á construción dun novo centro de saúde en Oleiros.

A construción deste centro rematouse no pasado mes de abril, van alá sete meses, e segue sen producirse a súa apertura.

Esta situación mantén a presión sobre os outros centros de saúde do concello, Perillo e Santa Cruz, que se plasma nunha sobre carga sobre os profesionais, e en concreto sobre os médicos, que teñen así menos tempo do debido para atender aos seus pacientes.

Esta situación, ademais, pode verse agravada coa chegada das baixas temperaturas, e a epidemia das diversas gripes que nos roldan. E isto, como pode calquera intuír, repercute sobre a calidade da asistencia aos cidadáns.

A suspensión por parte da Consellería de Sanidade do Plan de mellora de Atención Primaria, condúcenos aos pensamentos máis pesimistas sobre as intencións do Goberno da Xunta sobre a apertura do novo centro de saúde de Oleiros rematado hai sete meses.

Os deputados que asinan, inquiren á señora conselleira de Sanidade:

1.^a) Cales son os motivos polos que aínda non se abriu o Centro de Saúde de Oleiros, rematado hai sete meses?



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Francisco Cerviño González e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado día 2 de abril foi asinado por parte do presidente de Portos de Galicia, do anterior Goberno, a adxudicación provisional da estrada de acceso ao porto de Lorbé, resultando adxudicataria a empresa CONDESMO por un importe superior a 1.200.000 euros. A WEB actual da propia Xunta así o publicita.

O actual Goberno, dende o pasado mes de abril, non moveu nin un só papel na dita contratación, un proxecto urxente porque ademais resolve cunha glorieta a chegada da Vía Ártabra a Lorbé, que conta cun orzamento no ano 2009, e que foi tramitado en colaboración entre Portos de Galicia e a Consellería de Política Territorial, que para iso asinaron un convenio, durante a lexislatura anterior.

A nova estrada de acceso ao porto de Lorbé foi proxectada polo anterior goberno para resolver dunha maneira integral os problemas deste importante porto do concello de Oleiros, conta con dous carrís para vehículos, sendas para peóns, inclúe o saneamento do porto e un aparcamento público de máis de 50 prazas.

O anterior Goberno re realizou o proxecto técnico da nova estrada, orzamentou a dita obra, licitoua, e deixoua adxudicada provisionalmente, faltando polo tanto un único trámite, a adxudicación definitiva. Falta, polo tanto, tan só unha sinatura do presidente de Portos de Galicia para que as obras poidan dar comezo, xa que incluso quedou expropiado o solo necesario para a construción da dita estrada.

Transcorridos máis de seis meses, a ineficacia do novo Goberno chegou a un límite absolutamente inadmisibile: cando chegan ao goberno teñen todo avanzado, o proxecto, a expropiación, a contratación e o orzamento, e en seis meses non foron capaces nin de



Grupo Parlamentario

poñer unha sinatura, que era o único que faltaba, para facer realidade esta importante obra nun dos portos máis relevantes da comarca.

Como diría un coñecido e prestixioso xornalista, antes na radio e agora nunha cadea de TV, a ineficacia é “de aurora boreal”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estes deputados preguntan ao señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Cando pensa adxudicar definitivamente a estrada de acceso ao Porto de Lorbé?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2009

Asdo: Francisco Cerviño González
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Francisco Cerviño González na data 30/10/2009 19:13:01

José Manuel Gallego Lomba na data 30/10/2009 19:13:07



Grupo Parlamentario

2.^a) Cando prevé a señora conselleira proceder á súa apertura?

3.^a) Pensa incluír no Centro de Saúde de Oleiros un servizo de
Fisioterapia, como sería necesario?

4.^a) Cantos médicos de Familia van traballar no centro?

5.^a) Cantos pacientes terán asignados cada un deles?

6.^a) Cantos pediatras?

7.^a) Cantos nenos terán?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2009

Asdo: Francisco Cerviño González
Modesto Pose Mesura
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Francisco Cerviño González na data 30/10/2009 19:13:51

Modesto Pose Mesura na data 30/10/2009 19:14:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia